

XXI

PREMIO AFUNDACIÓN DE XORNALISMO

Francisco Fernández del Riego

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010) foi unha das figuras máis queridas e significativas da cultura galega do noso tempo. Ensaista, narrador, editor e xornalista, pertenceu á promoción de intelectuais que xurdiron ao abeiro do Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. A súa longa obra foi un servizo permanente a Galicia, comprometido cos seus procesos de modernización e reconstrución da súa identidade cultural e política.

Foi membro do Partido Galeguista e das Mocidades Galeguistas, animador dos programas en lingua galega na BBC, cofundador da Editorial Galaxia e codirector da revista Grial. Colaborou en moi diversas publicacións periódicas, dentro e fóra de Galicia, e ata finais de 2009 foi director da Biblioteca da Fundación Penzol. Doou a súa obra e o seu patrimonio intelectual á cidade de Vigo, onde residiu desde o ano 1940.

O Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego naceu coa vocación decidida de animar e impulsar o uso do idioma galego nos medios de comunicación, ao tempo que recoñece a tradición literaria e xornalística das e dos profesionais da escrita que utilizaron e utilizan a nosa lingua na prensa.

A figura de Francisco Fernández del Riego reúne as características esenciais que inspiran esta convocatoria: identidade coa lingua galega, espírito aberto e universal, compromiso ético e presenza activa no xornalismo.

Afundación homenaxea a súa figura e, a través deste premio que leva o seu nome, fai extensiva a homenaxe a escritoras, escritores e xornalistas que contribúen decote á construción do discurso cívico en Galicia.

BASES

1. O XXI Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego acollerá unicamente artigos propios do chamado xornalismo literario e de opinión, cunha extensión máxima de dúas páxinas, caso de edicións impresas, e o seu equivalente para as edicións en dixital, publicados con nome ou pseudónimo, en calquera medio de comunicación impreso ou dixital de cabeceiras recoñecidas, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

2. Os artigos deberán estar escritos en lingua galega e carecer de premios en calquera outro concurso ou certame antes da data da resolución polo xurado do presente premio.

3. Poderanse presentar todos aqueles escritores ou escritoras de artigos xornalísticos, maiores de idade, que cumpran cos requisitos sinalados nestas bases e que non resultasen premiados/as en concursos ou certames de Afundación nos últimos cinco anos.

4. Poderán presentar tamén propostas e candidaturas as institucións, públicas ou privadas, academias ou fundacións de todo o ámbito da convocatoria que o estimen oportuno.

5. As propostas nadas ao abeiro dos puntos anteriores deberán presentar documento en formato electrónico (PDF) da páxina completa do xornal ou revista que acollese a publicación.

Acompañando o traballo que se presenta ao concurso, indicárase nun documento word e por esta orde, o título do artigo, medio e data de publicación, nome e apelidos, teléfono, enderezo electrónico, NIF e dirección postal da persoa concursante ou, no seu caso, da proposta, de xeito que se permita a rápida localización das persoas que asinan os traballos concorrentes.

6. Ademais, Afundación poderá elixir un comité de lectura e preselección que levará a cabo, ao longo de todo o ano, o seguimento que permita a previa selección e clasificación de todos aqueles artigos que estime que deban ser sometidos á consideración do xurado.

7. Só se presentará un traballo por persoa, que deberá remitirse ao correo electrónico premios@afundacion.org, indicando no asunto: «Para o XXI Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego». **O prazo de recepción de traballos rematará o día 31 de maio de 2024.**

8. Afundación designará o xurado, que estará formado por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos xornalístico, literario e/ ou académico.

9. O xurado cualificador dispoñerá de potestade para resolver cantas cuestións merecesen ser consideradas para a interpretación das presentes bases. A súa decisión será inapelable.

10. Afundación non manterá correspondencia coas persoas concursantes e/ ou proponentes.

11. Afundación resérvase o dereito de reprodución do traballo premiado, así coma de calquera outro que, presentado ao certame, mereza esa consideración en opinión do xurado.

12. O xurado cualificador reunirse, a instancias de Afundación, co obxectivo de seleccionar tres dos artigos presentados, que serán os que pasen a ser finalistas do premio, cuxa resolución definitiva se realizará no último trimestre do ano 2024. Con posterioridade, levarase a cabo a entrega do premio nun acto público.

13. O gañador/ a do premio terá unha retribución de 10 000 euros, á que se aplicará a retención correspondente.

14. Os dous finalistas desta edición serán galardoados cunha peza de arte contemporánea galega e máis un diploma acreditativo do XXI Premio Francisco Fernández del Riego.

15. A presentación ao certame implica a aceptación das presentes bases.

16. Os datos de carácter persoal que faciliten as/ os autoras/ es, así como os demais datos do mesmo carácter relativos a elas e eles que Afundación obteña como consecuencia da convocatoria, desenvolvemento e, no seu caso, entrega do premio, serán tratados de acordo ao Regulamento (EU) 2016/679 Xeral de Protección de Datos. Constitúe a lexitimación do tratamento a relación contractual derivada da participación de cada autora ou autor nos premios. Os datos serán conservados ata a entrega do premio á persoa gañadora, conservándoos a devandita entidade posteriormente durante o prazo de dez anos. O autor ou autora poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, en ocasións, limitación do tratamento, dirixíndose a Afundación: Comité de Privacidade, Rúa Santo Andrés 135, andar 2, 15003, A Coruña.

Consonte o RDL 1/1996, de 12 de abril, relativo á propiedade intelectual, recoñecerase a autoría das obras. O/ a autor/ a da obra premiada cede a Afundación os seus dereitos de distribución, reprodución e difusión —en particular, a través da súa web, redes e perfís sociais— e comprométese a subscribir con ela os correspondentes documentos.

En Vigo, 30 de maio de 2023